

ACTA DA 3ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2017 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 12:30 horas, (aínda que estaba convocada para as 12:00 horas) do día 23 de outubro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020), que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- D. Juan M. Constenla Carbón, 1º Tenente Alcalde.
- Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria Municipal acctal.,
- D. Ana M.ª Vigo Fariña
- Dona Mónica Neira Mato, Arquitecta Municipal
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Manuel Fernández Cerdeira do grupo municipal do PS de G-PSOE
- Dona Mar Blanco Casais de MOVETE
- Non asiste D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente da Mesa ponse en coñecemento da mesma que, de conformidade co acordado na reunión celebrada o día 16 de outubro de 2017, na que, unha vez efectuados os cálculos correspondentes detectouse que a oferta presentada por Regio Plus Consulting S.L., estaba incurso en baixa anormal ou desproporcionada ao ser a súa contía inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas, polo tanto e ao abeiro do establecido na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares requíruselle para que no prazo de cinco días naturais a contar dende a notificación do requerimento, xustificase dita oferta e precisase as condicións da mesma.

A empresa REGIO PLUS CONSULTING S.L., dentro do prazo concedido ao efecto, presentou dita xustificación.

A Secretaria acctal., informa verbalmente á Mesa de que examinada a documentación presentada pola empresa REGIO PLUS CONSULTING S.L., considera suficientemente xustificada a baixa anormal ou desproporcionada en que estaba incurso dita empresa.

A Mesa está conforme co exposto pola Sra. Secretaria e acorda por unanimidade considerar suficientemente xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e polo tanto decidíuse que a indicada empresa continúe nesta licitación.

De seguido procédese a efectuar as valoracións do Sobre B, acadadas polos licitadores, co seguinte resultado:

1) **LOTE nº 1**

-REGIO PLUS CONSULTING S.L.
OFERTA ECONÓMICA: 38,02 puntos
AMPLIACIÓN DO PRAZO de 6 MESES: 20 puntos

-RED 2 RED CONSULTORES.
OFERTA ECONÓMICA: 35,51 puntos
AMPLIACIÓN DO PRAZO de 6 MESES: 20 puntos

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU
OFERTA ECONÓMICA: 29,87 puntos
AMPLIACIÓN DO PRAZO de 6 MESES: 20 puntos

2) **LOTE Nº 2**

-EVERIS INGENIERÍA S.L.U.
OFERTA ECONÓMICA: 36,77
REUNIÓN QUINCENAL: 20 puntos
-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU
OFERTA ECONÓMICA: 31,96 puntos
REUNIÓN QUINCENAL: 20 puntos

Polo tanto, as puntuacións totais (SOBRE C + SOBRE B) obtidas polas licitadoras son as seguintes

1) **LOTE nº 1**

-REGIO PLUS CONSULTING S.L.
OFERTA SOBRE B: 58,02 puntos
OFERTA SOBRE C: 21 puntos
TOTAL: 79,02 PUNTOS

-RED 2 RED CONSULTORES.
OFERTA SOBRE B: 55,51 puntos
OFERTA SOBRE C: 21,50 puntos
TOTAL: 77,01 PUNTOS

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU
OFERTA SOBRE B: 49,87 puntos
OFERTA SOBRE C: 35,50 puntos
TOTAL: 85,37 PUNTOS

2) **LOTE Nº 2**

-EVERIS INGENIERÍA S.L.U.
OFERTA SOBRE B: 56,77 puntos
OFERTA SOBRE C: 30 puntos
TOTAL: 86,77 PUNTOS

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU
OFERTA SOBRE B: 51,96 puntos
OFERTA SOBRE C: 38 puntos
TOTAL: 89,96 PUNTOS

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación, tanto do LOTE 1 como do LOTE 2 a favor da empresa IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU, por ser a que obtivo a maior puntuación. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 8 e que declarou posuír mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Legislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado este acto sendo as doce horas corenta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,
(documento asinado electrónicamente á marxe).

A SECRETARIA DA MESA,